



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 27 DE XUÑO DE 2017

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día vinte e sete de xuño de dous mil dezasete, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 20 de xuño de 2017

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2017 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asistiron á citada sesión (non asistiron dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Daniel Carballada Rodríguez), aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución de 14 de xuño de 2017, da presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o acordo do Pleno de 30 de maio de 2017, sobre modificación da instrución xeral relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas dos extractos dos expedientes de contratación e das relacións de contratos, convenios e encomendas de xestión celebradas polas entidades do Sector Público Estatal e Autonómico, aprobada por acordo do Pleno de 28 de novembro de 2013. (Boletín Oficial do Estado número 147, do 21 de xuño de 2017).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Resolución do 16 de xuño de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (SI435B, SI435A, SI427B). (Diario Oficial de Galicia número 119, do 23 de xuño de 2017).
- Resolución do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FO1016: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a contratación de persoal técnico-deportivo, durante o ano 2017. Figura como beneficiario o Concello de Cambre, co obxecto “contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2017”, cun importe de subvención de 15.000 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 119, do 26 de xuño de 2017).

3º. Expedientes de contratación

Único: Adxudicación do contrato menor para a realización da actuación musical “Rúa Cedrón (Emilio Rúa e Rosa Cedrón)” incluída no Programa Rede Cultural 2017 da Deputación Provincial da Coruña, o domingo 16 de xullo ás 21:30 horas, dentro dos actos de celebración da II Romaría Galaico Romana “Galaicoi” do Concello de Cambre. Expediente: 2017/C002/000024

Vista a proposta de Alcaldía de data 21 de xuño de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 12 de abril de 2017, o concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio ditou a resolución número 600/2017, na que se aproba a actividade, programa de actos, desenvolvemento e orzamento da II Romaría Galaico Romana “Galaicoi” que se desenvolverá os días 14, 15 e 16 de xullo de 2017 en Cambre.

Con data de 12 de abril de 2017, no Boletín Oficial da Provincia número 70, a Deputación Provincial da Coruña publica a resolución de 10 de abril, pola que se aproba a adxudicación aos concellos da provincia dos espectáculos correspondentes ao Programa Rede Cultural 2017, e na que se acorda adxudicar ao Concello de Cambre varias actuacións artísticas e proxeccións de cine solicitadas dentro do Programa Rede Cultural 2017, entre as que se atopan dúas dentro do programa “*Escena ao vivo – música profesional*” que foron programadas para desenvolverse dentro da II Romaría Galaico Romana “Galaicoi”, e que son as seguintes:

Nº	Nome artístico	Código identificador da Deputación Provincial
1	Rúa Cedrón (Emilio Rúa e Rosa Cedrón)	MC POM/799
2	Pan de Capazo	MC/MUN/19



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Con data 30 de maio de 2017, o concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio ditou a resolución número 959/2017 na que se aproba a programación e orzamento das devanditas actuacións artísticas do Programa Rede Cultural 2017 da Deputación Provincial da Coruña.

Segundo o sitio web www.dicoruna.es/dicoruna-subtel/redcultural/espectaculos a entidade Mare Coordinación Producción, S.L. co CIF número B15746548 e domicilio na Rúa da Paz, 12 baixo – 15189 Fonteculler – Culleredo (A Coruña) é a representante da actividade artística “Rúa Cedrón” (Emilio Rúa e Rosa Cedrón) nesta programación do Programa Rede Cultural 2017.

Con data do 26 de maio de 2017, envíase a través de correo electrónico a solicitude da documentación precisa a esta entidade para poder realizar, no seu caso, a adxudicación do contrato menor para a realización da actuación artística antedita, concedendo á empresa cinco días hábiles para a súa presentación, para o caso de que os documentos solicitados non obrasen xa en poder deste concello.

Con data do 1 de xuño de 2017 e rexistrado de entrada ao número 0/4656, preséntase a documentación solicitada polo representante da entidade “Mare Coordinación Producción, S.L.”

Con data 6 de xuño de 2017 a técnica de promoción económica, coa conformidade do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, emite o informe no que se propón a adxudicación da actuación musical “Rúa Cedrón (Emilio Rúa e Rosa Cedrón)” incluída no Programa Rede Cultural 2017 da Deputación Provincial da Coruña, o domingo 16 de xullo, ás 21:30 horas, no Campo da Feira de Cambre, dentro dos actos de celebración da II Romaría Galaico Romana “Galaicoi” do Concello de Cambre, á empresa “Mare Coordinación Producción S.L.”.

A Intervención Municipal emitiu documento de retención de crédito de data 17 de abril de 2017

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que nos contratos distintos aos de obra, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 18.000 euros, que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 20 de xuño actual, e incoado expediente de contratación nº TEDeC 2017/C002/000024.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, de data do 20 de xuño de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Primeiro: Aprobar a proposta asinada o 6 de xuño actual pola técnica de promoción económica, coa conformidade do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio , para contratación da realización da actuación artística “Rúa Cedrón” (Emilio Rúa e Rosa Cedrón), incluída no Programa Rede Cultural 2017 da Deputación Provincial da Coruña o domingo 16 de xullo de 2017 ás 21:30 horas no Campo da Feira de Cambre, por un importe de 4.450,00 euros (IVE incluído) en concepto de cachet máis equipamento técnico.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 430.22612 – *Certames e festivais turismo*.

Terceiro : Acordar a contratación como contrato menor número 2017/C002/000024 da actuación artística de referencia, en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, por canto o importe do contrato é inferior a 18.000 euros.

Cuarto: Adxudicar o contrato no prezo ofertado de 4.450,00 euros (IVE incluído) á empresa “Mare Coordinación Producción S.L.” co CIF B15746548 e domicilio na Rúa da Paz, 12 baixo – 15189 Fonteculler – Culleredo (A Coruña) por ser a entidade que ostenta a representación dos artistas que vai actuar no Programa Rede Cultural 2017 da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto: De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Sexto: Designar como responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, á técnica de promoción económica, María Carmen Pita Seijas, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao Departamento de Intervención, á Técnica de Promoción Económica, e á técnica de xestión de Administración xeral, responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos

Oitavo: .Notificar os presentes acordos ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).



O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º Aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada “Reparación de pasos de peóns elevados no Temple e A Barcala”. 2017/C002/000002

Vista a proposta de Alcaldía de data 23 de xuño de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que constan no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e a directora facultativa da obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA ENTRADA
2017/C002/000002	ALVAC, S.A.	A40015851	Certificación nº 3 da obra “Reparación de pasos de peóns elevados no Temple e A Barcala”	14.396,13 €	F/2017/2400	10/05/2017

Comprobado o cuadre aritmético da mesma e a non variación de feito respecto ao proxecto de obra.

Visto que consta no expediente factura debidamente asinada pola responsable do contrato e o concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto, así como a acta de recepción da obra de data 5 de maio de 2017.

Vista a providencia formulada o 22 de xuño de 2017 polo concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, que conta co intervido e conforme da Intervención Municipal.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar a seguinte certificación de obra:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

EXPT DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE
2017/C002/000002	ALVAC, S.A.	A40015851	Certificación nº 3 da obra "Reparación de pasos de peóns elevados no Temple e A Barcala"	14.396,13 €

Segundo: Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

5º Aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada "Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais" incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Excm. Diputación Provincial da Coruña. Expediente: 2016/C003/000006

Vista a proposta de Alcaldía de data 23 de xuño de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que constan no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e o director facultativo da obra:

EXPT DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA ENTRADA
2016/C003/000006	IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.A.	B15448004	Certificación nº 1 da obra "Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais" incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016	33.795,63 €	F/2017/2602	24/05/2017

Comprobado o cuadro aritmético da mesma e a non variación de feito respecto ao proxecto de obra.

Visto que consta no expediente factura debidamente asinada polo responsable do contrato e o concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto.

Vista a providencia formulada o 23 de xuño de 2017 polo concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, que conta co intervindo e conforme da Intervención Municipal.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPT DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE
----------------------	-------------	----------	-----------------------------------	---------



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2016/C003/000006	IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.A.	B15448004	Certificación nº 1 da obra "Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais" incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016	33.795,63 €
------------------	---------------------------------------	-----------	--	-------------

Segundo: Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

6º Aprobación da contía de prezo público da comida nas actividades extraescolares en períodos vacacionais, correspondente ao acordo núm. 2 regulador do prezo público por actividades extraescolares municipais.

Vista a proposta de Alcaldía de data 9 de xuño de 2017.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data do día 22 de xuño de 2017, coa modificación á proposta respecto da inclusión no punto 4 do artigo 4º Contía, dunha alínea do seguinte teor literal "c) As persoas que acheguen informe remitido polos Servizos Sociais do Concello de Cambre, o 100 por 100 da cota."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta coa modificación levada a cabo pola comisión informativa, quedando a proposta do teor literal seguinte:

"Visto que a Concellería de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación pretende poñer en marcha o servizo de comedor nas actividades do período vacacional de verán a partir do vindeiro mes de xullo de 2017.

Visto que no acordo nº 2 regulador do prezo público por actividades extraescolares municipais non se reflicte prezo público pola prestación deste servizo de comida en ningunha das actividades dos períodos organizadas desde o Concello de Cambre.

Tendo en conta que se considera necesario aprobar a contía correspondente ao prezo público polo xantar nos períodos vacacionais desde o mes de xullo de 2017.

Visto que o dito acordo regulador establece que a contía do prezo público será a que fixe, en cada caso, o Pleno da Corporación ou, en caso de delegación, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 47 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e co artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Considerando.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, de data 6 de xuño de 2017.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Por todo o exposto, e tendo que a corporación municipal en Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 27 de abril de 2017, adoptou acordo de delegar na Xunta de Goberno Local a fixación das contías dos prezos públicos esixibles na realización, entre outras, de actividades extraescolares, propoño a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a modificación do artigo 4º do acordo núm. 2 regulador do prezo público por actividades extraescolares municipais, quedando o texto completo tal e como se transcribe a continuación:

Artigo 1º. - Fundamento e natureza.

Ao abeiro do previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, regulador das facendas locais, este Concello establece o prezo público por actividades extraescolares municipais regulado polo presente.

Artigo 2º. - Concepto.

Os prezos públicos aquí regulados constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que se satisfarán polos usuarios que voluntariamente soliciten algunha das actividades extraescolares municipais.

Artigo 3º. - Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, quen solicite ou se beneficie das actividades realizadas por este Concello a que se refire o artigo anterior.

Artigo 4º.- Contía.

1. A contía do prezo público do Programa de Actividades Extraescolares determinarase aplicando as tarifas do cadro seguinte:

Tarifa mensual	Programa de Actividades nos Centros Escolares	
1	Participación nunha actividade cultural ou deportiva, ou outra actividade (de 75 minutos de duración semanal)	7,50
2	Participación en dúas actividades: unha cultural ou outra e unha actividade deportiva ou outra (de 75 minutos de duración semanal cada actividade)	9,00
Tarifa mensual	Programa de Outras Actividades	Euros
3	Informática (curso de 60 minutos de duración semanal)	7,50
4	Escola de Tenis (curso de 75 minutos de duración semanal)	7,00
5	Escola de Xadrez (curso de 90 minutos de duración semanal)	4,50
6	Ciclismo	4,00
7	Hockey sobre patíns (curso de 75 minutos de duración semanal)	7,00
8	Participación nunha actividade cultural ou deportiva, ou outra actividade (de 75 minutos de duración semanal)	7,00



Tarifa por hora	Programa de actividades extraescolares en períodos vacacionais	Euros
9	Por hora de programa	1,00
10	Por xantar/día/ participante	4,00

As persoas non empadroadas no municipio de Cambre terán un suplemento do 50 por 100 nas tarifas do “Programa de Actividades nos centros escolares” e no de “Programa de Outras actividades”.

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, a contía do prezo público será a que fixe, en cada caso, o Pleno da Corporación, ou en caso de delegación polo mesmo, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 47 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

A Xunta de Goberno Local de acordo co artigo 44, apartado 2, do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo poderá fixar prezos públicos que non cubran o custo do servizo ou actividade prestado, dado que nestes casos concorren razóns sociais, culturais ou de interese público que así o aconsellen, ao perseguir con estas actividades a consecución do mandato establecido na Constitución española de promoción e tutela do acceso á cultura (artigo 44).

3. A cota do Programa de actividades extraescolares (salvo a nº. 10, a do xantar) verase reducida na porcentaxe que se sinala en cada un dos supostos seguintes:

- a. As persoas que acrediten formar familia numerosa, o 50 por 100 da cota.
- b. Cando se inscriba máis dun irmán dunha unidade familiar no mesmo programa, que non formen familia numerosa, ao primeiro cobraráselle o 100 por 100 da cota e aos seguintes un 50 por 100 da cota. En todo caso, o desconto aplicarase sempre ás cotas menores.
- c. As persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do paro, ou ben no caso dos menores de idade cando ambos proxenitores ou o titor do participante o acrediten, así como as persoas pertencentes ó voluntariado de Cambre, terán unha bonificación do 30 por 100 da cota. Para acreditar a dita situación, deberase entregar xunto coa solicitude copia da tarxeta do paro actualizada
- d. Os posuidores do “carné xove” ou “carné propio da omix”, terán unha bonificación do 20 por 100 da cota. Para obter a dita bonificación deberase entregar xunto coa solicitude copia do “carné xove” ou “carné propio da omix”.
- e. As persoas que acheguen informe remitido polos Servizos Sociais do Concello de Cambre, o 100 por 100 da cota.
- f. Cando unha mesma persoa se inscriba en máis dunha actividade do mesmo programa de Outras Actividades, pagará o 100 por 100 da cota da actividade de maior importe e o 50 por 100 da menor.

En caso de ter dereito a máis dun desconto, só se aplicará o maior deles.



As reducións, só serán de aplicación a aquelas persoas que figuren empadroadas no municipio de Cambre, excepto os posuidores do "carné xove" e membros do voluntariado de Cambre.

4. A cota do xantar do Programa de actividades extraescolares en períodos vacacionais verase reducida na porcentaxe que se sinala en cada un dos supostos seguintes:

- a. As persoas cunha renda familiar neta anual per cápita inferior ou igual ao IPREM, unha redución dun 70%.
- b. As persoas cunha renda familiar neta anual per cápita comprendido entre IPREM e ata 1,2 veces o IPREM, unha redución dun 40%.
- c. As persoas que acheguen informe remitido polos Servizos Sociais do Concello de Cambre, o 100 por 100 da cota.

As persoas non empadroadas no municipio de Cambre pagarán o 100% da tarifa independentemente da renda."»

Artigo 5º. - Obriga do pagamento.

1.- A obriga do pagamento do prezo público nace dende que se inicie a realización da actividade, prorrateándose o cobro do prezo en trimestres.

2.- Para os efectos, o ingreso do prezo público realizarase nos últimos 15 días de cada trimestre (período de cobro) e mediante domiciliación bancaria, que é obrigatoria.

3.- A baixa na actividade deberá ser solicitada polos interesados por escrito ante o rexistro municipal e causará efectos ao mes seguinte. Aplicarase o mesmo criterio ás altas nas actividades.

4.- Nos supostos de altas ou baixas nunha actividade o importe do prezo público se prorrateará por meses.

5.- No suposto de que por causas non imputables ao interesado deixara de realizarse a actividade solicitada procederase á devolución do prezo público.

Artigo 6º. - Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións rexeranse polo disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

Segundo: Publicar este acordo para o seu xeral coñecemento no *Boletín Oficial da Provincia* segundo o disposto no artigo 131 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Terceiro: O presente acordo de modificación do prezo público entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

7º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 16 ao 22 de xuño do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1095/2017 e remata coa resolución da Alcaldía número 1169/2017, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1095/2017	16/06/2017	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención (E, SL e máis) por importe total de 103.580,46 euros
1096/2017	16/06/2017	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 20 de xuño de 2017
1097/2017	16/06/2017	Corrección erro resolución 150/2017 do 7 de febreiro de 2017 de concesión axuda aluguer a ABF por importe de 265 euros
1098/2017	16/06/2017	Aprobar as actividades e os gastos da Xornada Intercultural polo día das persoas refugiadas 2017. Autorizar un gasto por importe de 1220,23 €
1099/2017	16/06/2017	Modificación resolución celebración voda civil de CNR e PBR o 17 de xuño de 2017 ás 13:30 horas
1100/2017	16/06/2017	Numeración de vivenda a solicitude de FJMC
1101/2017	16/06/2017	Aprobar o proxecto “Mellora do camiño 00383 dende Fabás ata Armental, Cambre”, cun orzamento total de 46.563,74 €. Solicitar o outorgamento dunha subvención por importe de 38.807,00 € (19.403,50 € para a anualidade 2017, e 19.403,50 € para a anualidade 2018), para a realización do proxecto conforme ao disposto na Resolución do 18 de maio de 2017 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais 2017-2018, publicada no DOG número 102 do 31 de maio de 2017
1102/2017	16/06/2017	Nomeamento de funcionarios interinos por acumulación de tarefas na brigada de obras municipal
1103/2017	16/06/2017	Renuncia axuda recibos de luz de JMFM
1104/2017	16/06/2017	Variación de tipoloxía de postos e concesións de autorizacións



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		de venda ambulante no campo da feira Cambre
1105/2017	19/06/2017	Recurso de apelación interposto por don EBM no procedemento abreviado número 28/2017 contra o Concello de Cambre
1106/2017	19/06/2017	Incoación de expediente de baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de OCPC
1107/2017	19/06/2017	Expedientes sancionadores de tráfico: DIM (P 4101)
1108/2017	19/06/2017	Aprobar a realización da ruta 128 do programa VENDE DE MARCHA 2017 do departamento de Xuventude, ós Castelos Templarios, polos concellos de Ponferrada, Priaranza e Villafranca del Bierzo (León), e mailas actividades complementarias previstas, a celebrar o finde 17 e 18 de xuño de 2017. Autorizar un gasto total polo importe de 4.911,00 euros repartidos en 4.111,00 € para o desenvolvemento das actividades e 800,00 € transporte ocupación tempo libre
1109/2017	19/06/2017	Incoación de expediente de baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de MIAB
1110/2017	19/06/2017	Incoación de expediente de baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de VdeAGP
1111/2017	19/06/2017	Incoación e expediente de baixa de oficio por caducidade no Padrón de Habitantes de NBdelaCP
1112/2017	19/06/2017	Incoación de expediente de baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de LdaGdosS.
1113/2017	19/06/2017	Incoación de expediente de baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de MEDGDS
1114/2017	19/06/2017	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 40.341,63 euros
1115/2017	19/06/2017	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 36.626,79 euros
1116/2017	19/06/2017	Aprobación de facturas correspondentes a subministración de electricidade, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 30.117,42 euros
1117/2017	19/06/2017	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas do día 22 de xuño de 2017
1118/2017	19/06/2017	Baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes do menor CSNM
1119/2017	19/06/2017	Modificación de taxas aprobadas no padrón fiscal da venda ambulante na feira de Cambre do ano 2016
1120/2017	19/06/2017	Baixa por caducidade no Padron Municipal de Habitantes da menor DRR
1121/2017	19/06/2017	Denegación solicitude bonotaxi de DRV por non cumprir o requisito establecido na base terceira. 1 "Carecer, calquera membro da unidade de convivencia, de vehículo propio adaptado para a súa conducción e no caso de telo poderán solicitar esta axuda soamente aqueles períodos, nos que, por causas sobrevidas debidamente xustificadas, non poidan



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		utilizalo ou calqueda outra circunstancia que o impida
1122/2017	19/06/2017	Denegación axuda bonotaxi 2017 a DPT por dispoñer cada membro da unidade de convivencia unha renda per cápita superior ao 200% do IPREM vixente no exercicio do 2017
1123/2017	20/06/2017	Aprobación lista provisional de admitidos/as para a selección interina dun/ha técnico normalizador lingüístico
1124/2017	20/06/2017	Suspensión redución de xornada por razón de garda legal durante os mes de xullo, agosto e setembro de 2017 RBS
1125/2017	20/06/2017	Conceder a licenza de primeira utilización para a vivenda sita na rúa paza da Ría, O Temple-Cambre, con licenzas de obra concedida nº 01/87/99 e 2016/U022/64. Solicitante: PGB
1126/2017	20/06/2017	Declarar o estado de ruína da edificación sita en Sobrecarreira, Sigrás, de acordo co disposto no artigo 141 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia. Solicitante: JDC
1127/2017	20/06/2017	Procedemento sancionador por resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións da administración pública: PS.203. 1/2017: F..S.A. Resposta a escrito de alegacións
1128/2017	20/06/2017	Conceder a licenza para segregar da finca sita no lugar de San Roque, parroquia de Sta. Mª de Vigo, de 758 m ² unha parcela de 101 m ² para ceder a este concello para a regularización do viario público. Solicitante: FBdeA-A
1129/2017	20/06/2017	Conceder a licenza para modificar a instalación dun portalón de acceso a praza pública Manuel Leiras Pulpeiro sita na rúa Maria Mariñas, O Temple (unidade de execución nº 23), en solo cualificado de Urbano Consolidado, licenza de obra nº 2014/U008/38. Solicitante: CdeP
1130/2017	20/06/2017	Baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes da menor Idos SAL
1131/2017	21/06/2017	Baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de JF de S
1132/2017	21/06/2017	Inscribir o can identificado como Asia, de raza Staffordshire Bull Terrier, sexo femia e microchip número 941000019940692, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos. Solicitante: LMR
1133/2017	21/06/2017	Concesión autorización apertura da urna sinalada coa letra D, no panteón perimetral nº 131, no cemiterio municipal de Cambre, para inhumar o cadáver de dona JSV, falecida o día 26/4/2017
1134/2017	21/06/2017	Concesión autorización apertura urna sinalada coa letra D, no panteón perimetral nº 40, para inhumar as cinzas de dona MGV, falecida o día 4 de marzo de 2017
1135/2017	21/06/2017	Concesión autorización apertura urna sinalada coa letra C, no panteón perimetral nº 67, para inhumar o cadáver de dona ACM, falecida o día 9 de maio de 2017
136/2017	21/06/2017	Concesión autorización apertura urnas sinaladas coas letras A e C, nos panteóns perimetrais nº 70 e 168, respectivamente, para



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		trasladar os rectos de dona JMR e don FGD
1137/2017	21/06/2017	Aprobación de liquidacións tributarias pola taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios e con acceso directo desde a vía pública, padrón do ano 2017
1138/2017	21/06/2017	Inicio de expediente sancionador por resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións da Administración pública: PS.203. 2/2017: G..SDG, S.A.
1139/2017	21/06/2017	Conceder a licenza para o modificado da nave sita na rúa Bell, núm. do polígono industrial "Espíritu Santo" – Cecebre, con licenza municipal de construción nº 01/626/97. Solicitante: I., S.A.
1140/2017	21/06/2017	Baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de RG de R
1141/2017	21/06/2017	Baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de RJR
1142/2017	21/06/2017	Baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de LSM
1143/2017	21/06/2017	Baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de JCS
1144/2017	21/06/2017	Denegar a licenza para parcelar a finca sita no lugar de Armental, parroquia de Pravio, de 4.651 m ² en cinco parcelas de 1.033 m ² , 980 m ² , 1004 m ² , 1.110 m ² e 524 m ² , por non resolver o acceso rodado a todas e cada unha destas novas parcelas xeneradas a través doutra vía distinta a estrada provincial DP-1707 coa que linda. Solicitante: ISB
1145/2017	21/06/2017	Expediente de orde de execución 2017/I002/000024 por estado de finca sita en Fraís, Cecebre Propiedade: MdelPDBdeC
1146/2017	21/06/2017	Conceder a licenza para a celebración das festas en honra a San Xoán de Pravio durante os días 23, 24 e 25 de xuño no campo da festa no lugar da Fontenova. Solicitante: AC de Pravio A Cabra
1147/2017	21/06/2017	Conceder a licenza para a celebración das festas locais de San Xoán de Anceis durante os días 23, 24 e 25 de xuño de 2017 na explanada situada no lugar da Rocha, Anceis, Cambre. Solicitante: ACF de Anceis
1148/2017	22/06/2017	Conceder axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MEPB
1149/2017	22/06/2017	Conceder axuda vale alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: RDGS
1150/2017	22/06/2017	Denegar axuda alimentación por non cumprir os compromisos establecidos no proxecto de intervención social. Solicitante: LAG



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1151/2017	22/06/2017	Denegar axuda alimentación por non cumprir os compromisos establecidos no proxecto de intervención social. Solicitante: MTT
1152/2017	22/06/2017	Conceder axuda vale alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: IME
1153/2017	22/06/2017	Conceder axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JJDM
1154/2017	22/06/2017	Conceder axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: OCB
1155/2017	22/06/2017	Concesión axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: AAI
1156/2017	22/06/2017	Autorización para o espectáculo pirotécnico festas patronais honra de San Xoán días 23, 24, e 25 de xuño
1157/2017	22/06/2017	Autorización tirada fogos artificio festas San Xoan de Anceis días 22, 23, 24 e 25 de xuño de 2017
1158/2017	22/06/2017	Baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de A da GSF
1159/2017	22/06/2017	Baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de APM
1160/2017	22/06/2017	Baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de GX
1161/2017	22/06/2017	Baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de AMP
1162/2017	22/06/2017	Baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de CFRV
1163/2017	22/06/2017	Baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de SAIM
1164/2017	22/06/2017	Baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de LFS
1165/2017	22/06/2017	Baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de HRM
1166/2017	22/06/2017	Expediente de orde de execución por estado de finca colindante a la sita en Pazos, Andeiro. Propiedade: AVF
1167/2017	22/06/2017	Corrección de erros da resolución nº 675/2017 do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente. Expediente 2017/i002/54
1168/2017	22/06/2017	Baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de AAR delR
1169/2017	22/06/2017	Baixa por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes de MBQ



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

8º. Informes doutros asuntos de área

Informes da alcaldía

Dende a concellería de Movemento Asociativo:

- Mantivo unha reunión co presidente e secretario de Asociación de Veciños de Bribes para solicitar o local os meses de xullo e agosto de 10 a 14 horas.
- Estase a instalar a wiffi no local da Asociación Arela, tamén se lles colocará unha pechadura na porta de entrada. Na asociación Nosa Señora da Visitación da Barcala, reparouse unha persiana e cambiáronse uns haló xenos.
- O sábado 24, a Asociación da 3ª Edad da Barcala, celebrou unha asemblea ordinaria, para cerrar o estado de contas e cambio de directiva, polo momento, non se presentaron novas candidaturas, se fixou un prazo de 15 días, en caso de non se presentar ningunha, a actual directiva entregará en Cultura as chaves do local, ata se fixe unha nova directiva.
- O sábado 24 trasladouse a Anceis, con motivo da festa da cigala co presidente de asociación cultural e veciños do lugar.

Informes da concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade

Dona Josefa Vázquez Soto dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 20 de xuño reunión na Barcala coa asociación Arela, Protección Civil e Policía Local.
- O día 21 de xuño consello escolar no instituto da Barcala.
- O día 21 de xuño reunión co concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio don Ramón Boga Moscoso para estudar a organización da II Galaicoi.
- O día 23 de xuño asistiu á festa fin de curso do colexio Torrente Ballester, de Sigrás.

Informes do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- APP-OMIX: descargas, 1841; total visitas, 23.952.
- Próximas actividades:
- aquapark: 25 inscrites para 30 prazas.
- Excursión á praia: 12 inscrites para 30 prazas.
- Ruta a Ribadavia: 59 inscrites para 49 prazas.
- Finde surf: 62 inscrites para 30 prazas.



Dentro do programa “vente de marcha”, tivo lugar o día 17 e 18 de xuño a ruta a Ponferrada. Visita aos castelos de Ponferrada e Cornatel.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade

- Dentro do servizo de Deportes, don Brais Cubeiro Fernández dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 21 de xuño mantivo unha reunión co concelleiro de deportes de Carral Rubén Regueira para tratar a posibilidade de seguir organizando conxuntamente a Liga de fútbol sala Cambre-Carral.

- Asistiu o día 21 de xuño, no pavillón municipal Sofía Toro de [Cambre](#), á Fase Final da Copa fútbol- sala Cambre-Carral 2017. Á finalización destes partidos entregáronse os premios desta copa, así como os trofeos aos gañadores de [Liga de Fútbol sala Cambre Carral 2016/2017](#).

O acto tamén contou coa presenza do concelleiro de Deportes de Carral, Rubén Regueira.

- Asistiu o domingo 25 de xuño no Pavillón Sofía Toro de Cambre ás finais do XXI Torneo da Escola de Tenis do Concello de Cambre. Finalizados os partidos entregáronse os trofeos deste torneo que tamén serve para honrar a memoria do seu promotor orixinal Bernardo Bish.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co expediente de:

- Contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra incluída no POS Adicional 1/2013 “Proxecto modificado nº 1 : Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”. Expediente: 2017/C003/000002

sendo aprobada a urxencia da proposta por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

Único: Contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra incluída no POS Adicional 1/2013 “Proxecto modificado nº 1 : Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”. Expediente: 2017/C003/000002

Vista a proposta de Alcaldía de data 26 de xuño de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Por acordo plenario do Concello de Cambre de data 27 de decembro de 2012 , modificado coa data do 31 de xaneiro de 2013, aprobouse o Plan complementario ao Plan provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2013, incluíndo nel a obra de “Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”, elaborado pola enxeñeira técnica de obras



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

públicas municipal dona Elena Bartolomé Delanoë, e cun orzamento de execución por contrata de 165.401,63 euros, aprobándose, así mesmo, o antedito proxecto .

Incoado expediente de contratación para adxudicación da antedita obra, que foi tramitado ao nº 2014/C003/000004, e adxudicado á entidade “SYR-AMG, S.L.U.” no importe de 110.273,17 euros e asinado o contrato o 08/01/15 , este rematou tralo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre con data do 2 de xaneiro de 2017, no que se declaraba resolto o contrato subscrito o 8 de xaneiro de 2015, motivado no incumprimento por parte da adxudicataria, do prazo de execución esixido no prego e máis no contrato, ademáis de polo incumprimento dunha obriga esencial que deriva da imposibilidade de aprobar o Plan de Xestión de residuos aprobado pola empresa, falta de aprobación que impide que se inicie a obra.

Así mesmo, con data do 26 de outubro de 2016, o Pleno do Concello de Cambre aprobou o “Proxecto modificado nº 1 : Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”, elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, cun orzamento de execución por contrata de 166.166,99 euros, e foi remitido á Deputación Provincial da Coruña con data do 28 de outubro de 2016, para a súa aprobación e posterior contratación polo Concello, dentro do POS Adicional 1/2013.

Nesa mesma data do 28 de outubro de 2016, solicitouse á Deputación Provincial da Coruña unha prórroga no prazo de execución da obra ata o 30 de xuño de 2017, toda vez que o Concello solicitou á Deputación a aprobación do proxecto modificado, para a súa posterior licitación, e tendo en conta que nese momento estíbese a tramitar o expediente resolutorio do contrato asinado, todo o cal imposibilitaba que a obra puidese atoparse executada antes da data da derradeira prórroga concedida, que era ata o 30 de novembro de 2016.

O 21 de abril de 2017 recíbese escrito procedente da Deputación Provincial da Coruña, que foi rexistrado ao nº 0/3371, ao que se achega unha certificación do acordo plenario do 31 de marzo de 2017, polo que se aproba o proxecto modificado remitido polo Concello de Cambre, así como a Resolución da Presidencia da Deputación nº 2017/11890 do 11 de abril de 2017, pola que se aproba definitivamente a obra.

O 5 de xuño de 2017 emitese Circular pola Deputación Provincial da Coruña, no que nos indican a posibilidade de solicitar unha prórroga do prazo de execución do investimento ata o 30 de novembro de 2017, prórroga que foi solicitada con data do 13 de xuño de 2017, e nº de rexistro 21700000003291

O orzamento municipal en vigor prevé o gasto da achega municipal para esta contratación, na súa aplicación 161.61900, efectuándose o replanteo do proxecto , asinado pola redactora do proxecto (enxeñeira técnica de obras públicas municipal) con data do 27 de abril de 2017 .

Con data do 13 de xuño de 2017 e nº de rexistro 04/ 996 recíbese a autorización para a realización da obra emitida por Augas de Galicia, e o 6 de xuño de 2017, co nº de rexistro 0/4791, tivo entrada no Rexistro do Concello de Cambre o informe favorable previo á emisión da autorización, emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial da Coruña.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

O día 21 de xuño actual, o enxeñeiro de camiños municipal emite informe no que propón, entre outros aspectos, os criterios valorables para a adxudicación do presente contrato.

Consta ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral e mailo interventor municipais de data 23 de xuño actual, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 23 de xuño de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, para adxudicar a obra denominada "*Proxecto modificado nº 1 : Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012*", incluída no Plan provincial de cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2013, da Excm. Deputación Provincial da Coruña, cun valor estimado do contrato de 164.793,71 euros, e un orzamento total de execución por contrata de 166.166,99 euros, IVE incluído, isto en aplicación do establecido nos arts. 138, 171.d) e 177.2 do Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, e no artigo 324 da Lei 5/97 de administración local de Galicia, por canto o valor estimado do contrato é inferior a 1.000.000,00 euros, (exp. nº 2017/C003/000002).

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 2017/160.61900

Terceiro: Aplicar o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer para a contratación mediante procedemento negociado, das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña coa data do 30 de decembro de 2015, e corrección de erros do día 30 de marzo de 2016, publicados no BOP nº 63 do 5 de abril de 2016, así como aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

Como criterios para a adxudicación do contrato, segundo consta na cláusula 15.2 e máis no Anexo V.I do prego-tipo, empregaranse os seguintes, isto de conformidade coa proposta formulada polo enxeñeiro de camiños municipal-xefe da Sección de Servizos coa data do 21 de xuño de 2017

- Programa de traballo

Valorarase ata 20 puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Ofertas que presenten un programa de traballo específico e totalmente adaptado á obra	Ata 20 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo específico e adaptado á obra	Ata 15 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado	Ata 10 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo insuficiente	Ata 5 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo non adaptado e incompleto	Ata 2 Puntos

- Porcentaxe de control de calidade

Valórase ata 15 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Outorgarase a máxima puntuación ás proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Non se puntúa
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29. Calcularase aplicando a seguinte fórmula: $\frac{3}{100} \times \text{\% de incremento sobre execución material}$ (expresado en dous decimais)	Ata 15 puntos

- Redución de prazos de execución

Valórase ata 25 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Calcularase aplicando a fórmula elaborada polo [Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela \(http://www.dicoruna.es/valoracion/\)](http://www.dicoruna.es/valoracion/).

- Oferta económica



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Valórase ata 40 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Calcularase aplicando a fórmula elaborada polo [Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela \(http://www.dicoruna.es/valoracion/\)](http://www.dicoruna.es/valoracion/).

Cuarto: Como criterio de negociación aplicarase o da oferta económica, esto segundo establece a cláusula 15.2 e Anexo V.II do prego-tipo aplicable á presente licitación, de conformidade coa proposta formulada polo enxeñeiro de camiños municipal-xefe da Sección de Servizos coa data do 21 de xuño de 2017.

Quinto : Designar unha Comisión de Negociación, para os efectos de levar a cabo a negociación que se contempla na cláusula 15.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Deputación Provincial da Coruña, para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais, integrada por:

- O interventor da Corporación, don Francisco Javier Ulloa Arias
- A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanöe
- A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría-Contratación, dona M^a Fernanda Montero Carré

Sexto :De conformidade co establecido no art. 89 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e cláusula 4.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do contrato e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Sétimo: Aprobar o expediente de contratación incoado mediante procedemento negociado sen publicidade de conformidade co establecido no artigo 171.d) do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, e publicar un anuncio na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia e Perfil de Contratante, e nun dos diarios de maior tiraxe, esto de conformidade co disposto polos artigos 169, 171 e 178 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, art. 93 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas, e cláusula 10.A) do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña (BOP 05/04/2016), esto á vista de que o valor estimado do contrato é inferior a 200.000,00 euros."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Juan Evaristo Rodríguez Vázquez

Maria Luisa de la Red Ampudia